

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**  
**PERMANENTES DO DÍA 24 DE MARZO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de marzo de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, e por delegación do Sr. alcalde.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, nin o seu suplente don Santiago Manuel Ríos Rama.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, do PP, por imposibilidade de asistencia de dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,**

**FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**1º Proposta de modificación do Proxecto Arume**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de marzo de 2009.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Vota a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, e abstéñense os concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Aprobar a modificación do Proxecto *ARUME*, eliminando a actuación *Parque multifuncional de Sigrás* e substituíndoa pola actuación *Dinamización do lugar de Sobreguexe*, cun orzamento de 143.947,97 €

## **2º Rogos e preguntas**

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3205 o día 21 de marzo de 2009.

1ª Tramitación das obras do fondo especial estatal de investimentos. Segundo as nosas informacións o pasado 17 de marzo remataba o prazo para ter contratadas as obras do plan especial de investimentos. Solicitamos informe dos procedementos de contratación realizados.

Don José Venancio Salcines Cristal fixo entrega a todos os grupos municipais dunha copia do informe emitido por Secretaría, de data 24 de marzo de 2009, respecto do estado de tramitación dos diversos expedientes de contratación das obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, así como sobre a necesaria contratación dos servizos de redacción de proxectos, contratación da dirección técnica e da coordinación de seguridade e saúde das citadas obras.

2ª Tramitación das obras do Plan Arume. O proxecto Arume contemplaba tres anualidades, 2008-2010. Solicitamos información da execución do plan, da contratación das obras e do cumprimento do calendario aprobado.

O Sr. alcalde contesta que a asesora de proxectos fíxolle entrega dun organigrama, segundo o cal poden ver que están en prazo. Di que lles entregará unha copia a todos os grupos.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3208 o día 21 de marzo de 2009, xunto cos rogos e preguntas para as demais comisións informativas.

1ª Recentemente a Xunta de Galicia anulou unha subvención de 585.000 euros ao concello para a reforma da casa do concello.

Poden os responsables do goberno informarnos polo miúdo dos motivos da perda da subvención?

O Sr. alcalde contesta que se fixo unha memoria para solicitar a subvención e tamén se enviou a Patrimonio. Na comisión que tivo lugar o 14 de xaneiro denegouse a autorización dicindo que as obras supoñen un incrementno de volume na edificación superior ao permitido, polo que se falou co conselleiro e dixo que non se podía prorrogar a subvención, pero si se podía meter o proxecto para o 2009 a 2011.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta se os técnicos non tiveron en conta este tema.

O Sr. alcalde contesta que o fixo o arquitecto, pero as pegas que poñen é porque levaba un reloxo e un soportal diante. O arquitecto cria que se aprobaría por Patrimonio.

Don Luis Miguel Taibo Casás considera que é lamentable que por estes temas se perdan subvencións, e hai exemplos claros de que en Cambre xa houbo edificacións que se tiveron que tirar. Debían ter falado con Patrimonio.

O Sr. alcalde contesta que xa houbo conversacións, pero cando foi á Comisión puxeron as pegas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO**

### **AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

#### **1º Rogos e preguntas**

##### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3208 o día 21 de marzo de 2009, xunto cos rogos e preguntas para as demais comisións informativas.

1º Veciños da zona denunciaron a existencia dun vertido de augas na ladeira do polígono de Espírito Santo nas inmediacións do camiño que discorre entre Muíño Vello e Lendoiro, onde se acumulan nunha especie de pozo, supoñendo un risco para as persoas e vehículos

que circulan polo lugar, por non contar con protección e tendo en conta o pronunciado desnivel.

- Pregamos ao goberno local realice as investigacións necesarias, e tomen as mostras do líquido, co fin de determinar a natureza da substancia e a súa procedencia.

- Se leve a cabo a instalación dunha varanda de protección, e tratar de eliminar as augas depositadas no lugar por ser un foco de infección e perigo para os cidadáns e o medio natural.

O Sr. alcalde contesta que se pasará ao enxeñeiro de camiños.

2º O rueiro de Amil é unha zona onde se producen continuos atrancos motivados polo reducido ancho dos camiños e o continuo aumento do tráfico rodado, provocando múltiples molestias e os riscos que se producen en situacións como o acontecido recentemente ao producirse un escape de gas, pola rotura dun tubo por unha máquina, provocando a evacuación de parte dos veciños/as polo risco evidente de perigo.

- O noso grupo prega se nos informe das causas que motivaron a dita avaría, as súas consecuencias, e en que consistían as medidas sobre o control técnico dos responsables da obra.

- Se nos informe da información facilitada aos veciños/as sobre o problema.

O Sr. alcalde contesta que, segundo lle informaron, era unha empresa de Manuel Rivas e non tiña autorización do concello. Empezou ás 6 e cuarto e ás 7 da tarde estaba arranxado.

Hai un atestado aberto pola Garda Civil e abriuse un expediente sancionador á empresa. Tamén hai un informe de Protección Civil.

Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, contesta que nada máis ocorrer, presentáronse tanto a concelleira de Obras e Servizos, como Carmen Tato e el mesmo.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**1º Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de  
Escolarización, curso 2009-2010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de marzo de 2009.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Vota a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, e abstéñense os concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2009-2010, ao concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes don Jaime Manuel López Lisnier.

Segundo: Comunicar a citada designación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para os efectos oportunos.

**2º Rogos e preguntas**

**Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3205 o día 21 de marzo de 2009.

1ª Escola municipal de música. Solicitamos información sobre o prazo de posta en funcionamento das novas instalacións da escola e sobre o modelo de xestión dela no que está a traballar o goberno municipal.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, contesta que a data de terminación das obras será esta semana. O xardín non estaba terminado debido ás inundacións que houbo polo mal tempo.

En canto á xestión, tiveron unha reunión cos representantes de Sementeira, e tratarase de que a xestión sexa satisfactoria para as dúas partes, dentro da legalidade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, contesta que terá que estar dentro da legalidade, a cuestión é buscar a maneira de que a escola siga funcionando aí, e haberá que buscar un modelo de xestión para que iso non se rompa.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que está de acordo, pero tamén ao mellor hai moitos profesores, e terán que estar dados de alta, e ao mellor algúns profesores non cumpren coa legalidade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que se dá por satisfeito coa resposta, os profesores deberán cumprir coa legalidade.

2ª Adquisición de terreos para o novo colexio. En que punto se encontra o procedemento de adquisición dos terreos para o novo colexio público fronte á Barcala.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que o arquitecto municipal está elaborando un proxecto de expropiación, e estase facendo un levantamento topográfico para saber a superficie dos terreos.

O Sr. alcalde engade que parece ser que no prazo de 15 ou 20 días poderá iniciarse o expediente de expropiación.

3ª Persoal que traballa nos Servizos Sociais municipais. O pasado 13 de marzo o noso grupo solicitou por escrito a relación de traballadores e traballadoras adscritos ao departamento de Servizos Sociais e que ocupaban praza nas súas dependencias. Tanto persoal laboral como funcionario ou de empresas alleas. O 20 de marzo recibimos un escrito do departamento de Réxime Interior coa dita relación pero no que non somos capaces de identificar a unha das persoas que ocupa unha das mesas dos servizos administrativos da entrada do departamento. Persoa que vén desempeñando funcións administrativas, de xestión de actividades sociais e, mesmo, de atención telefónica inicialmente, ou sendo o primeiro contacto con usuarios. Isto desde hai catro ou cinco meses. Causa que corrobora diferentes persoas usuarias dos servizos. Cal é a función desta persoa e a súa relación contractual co concello?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que considera unha falta de respecto que a concelleira non esta na comisión informativa.

O Sr. alcalde contesta que podería estar, pero o representante do goberno municipal nesta comisión é don Jaime Manuel López Lisnier.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que non é a primeira vez que se fan preguntas e a concelleira non comparece, polo que se verán obrigados a solicitar unha comparecencia da concelleira nun pleno público.

A continuación, don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, dá lectura a un escrito que se transcribe a continuación:

*“A persoa á que se refire está contratada a través da empresa adxudicataria para levar a cabo as actividades sociais 2008-2009 denominada Cambre Ocio S.L.*

*Tal e como se reflicte no prego de prescricións técnicas que rexen a contratación mediante concurso público da prestación das actividades sociais 08-09, Cambre Ocio dispón dun equipo interdisciplinar de recursos humanos, onde entre as figuras profesionais que se lles esixe é a de coordinador das actividades, posto ocupado pola persoa pola que pregunta o BNG.*

*As funcións desta coordinadora son: inscrición, control e avaliación de todo o programa ao longo do seu desenvolvemento, así como atender as incidencias que xurdan ao longo do curso, atención telefónica e atención aos usuarios participantes nas actividades sociais.*

*Á hora de elaborar o prego pensouse nesta figura de coordinador debido á carencia de persoal no departamento de Servizos Sociais para poder levar a cabo todas as funcións descritas anteriormente.*

*De todos modos, trátase dun xeito de traballar similar ao do BNG, que xa entón tiña ao actual n.º 5 do BNG contratado como monitor de apoio ao programa de educación familiar de servizos sociais e que fisicamente estaba nun despacho do local sociocultural da Barcala.”*

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide que se lle dea copia do escrito e tamén, copia do prego de prescricións.

Di que o departamento de Réxime Interior non sabe que existe unha persoa allea a Servizos Sociais que, ademais desas actividades, fai funcións de persoal municipal com atendendo ao teléfono, e a función pública é distinta.

Segue dicindo que hai malas linguas que din que está alí porque ten unha relación persoal coa concelleira, traballa na orquesta Fania e despois fanlle as actuacións gratis. Tamén algunhas veces se ve a estas persoas recollendo á filla da concelleira no colexio, ademais, engade, estase falando dun departamento onde se están a realizar actuacións de forma irracional.

Conclúe dicindo que vai a preguntar se é posible que unha persoa contratada poida facer funcións administrativas, porque ao mellor pode ser que entre pola porta de atrás.

4ª Inspección dos Servizos Sociais municipais. O 17 de outubro de 2008, con rexistro 13241, entrou no concello un informe da Inspección de Servizos comunitarios da Xunta no que se sinalan varios defectos de funcionamento dos Servizos Sociais de Cambre e se insta a solucionar estas deficiencias e a cumprimentar tramitacións pendentes.

Solicitamos se nos informe do cumprimento destas esixencias, incluída a documentación tramitada e a súa resolución.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, dá lectura a un escrito que se transcribe a seguir, engandindo que lles facilitará copia, así como dos escritos remitidos a Vicepresidencia.

*“Trala inspección de Vicepresidencia o pasado 8 de outubro do ano pasado, as xestións que se levaron a cabo foron as seguintes:*

- con data 14 de novembro de 2008 remítese escrito coas medidas adoptadas polo departamento de Servizos Sociais.*
- con data 28 de xaneiro de 2009 remítese a documentación para a xustificación e acreditación dos programas de axuda a domicilio, comedor sobre rodas e transporte adaptado así como as actividades realizadas e o seu custo referidas á subvención para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías do ano 2007.*

*Queda pendente porque está en proceso de elaboración o novo regulamento de axuda a domicilio e a alta de axuda a domicilio e do centro de 3ª idade de Cambre en Vicepresidencia.*

*En canto á lista de espera para unha cita coa traballadora social, segue a lista de espera debido á falta de persoal e sobrecarga de traballo.”*

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, contesta que, ademais dos defectos de procedemento, etc., tamén hai algunhas recomendación respecto ao funcionamento.

5ª Transporte adaptado. O pasado 13 de marzo o grupo municipal do BNG presentou unha solicitude de información sobre varios aspectos relacionados co funcionamento do transporte adaptado para persoas con discapacidade. Solicitamos que se nos conteste ás cuestións formuladas e se nos faga entrega da documentación solicitada nesta comisión informativa.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, dá lectura a un escrito que se transcribe a continuación:

*“Primeiro: En outubro de 2005 asinou un Convenio de colaboración por importe de 25000 euros entre o Concello de Cambre e a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, para a contratación dun servizo de transporte adaptado para persoas con problemas de mobilidade, que foi aprobado en Resolución da área de Cultura e Benestar Social con data 19 de outubro de 2005, e que tivo vixencia ata o 31 de decembro de 2005, poñéndose en marcha a partir do 29 de outubro de 2005 a través da empresa de transporte adaptado INDALO. Ao longo do 2006 e 2007 continuouse co programa e coa mesma empresa, non existindo en ningún momento ningún tipo de contrato con ela.*

*Na actualidade estase a redactar o prego de prescricións técnicas para regular o servizo de transporte adaptado, obxectivo prioritario desta concellería para o ano 2009.*

*Segundo: Para ser beneficiario do transporte adaptado será preciso que teña problemas de mobilidade e que teña algún tipo de dependencia física ou psíquica. Previamente será valorado pola traballadora social que coordina o programa a través dunha entrevista persoal e que decidirá, tras a avaliación, a conveniencia de concesión ou non do transporte.*

*A pesar destes criterios, deberá terse en conta que o transporte adaptado ten vocación de universalidade, de tal maneira que debe dar servizo, e así se fai, a todas as persoas con problemas de mobilidade para empregar transportes colectivos, con independencia da súa situación económica, co obxecto de facilitarlles a realización do maior número de actividades na súa vida diaria.*

*Terceiro: Debido ao elevado custo do servizo coa empresa INDALO, a concelleira de Servizos Sociais, xunto co entón coordinador en funcións, manteñen unha reunión co xerente e a encargada do Centro Especial de Emprego LIMCO, onde expoñen os servizos que prestan e posteriormente presentan un orzamento de transporte adaptado no que se*

*contempla a contratación de dous coches 40 horas semanais, comprometéndose, e así se fixo, a contratar a xente de Cambre con discapacidade compatible co posto de traballo a desempeñar.*

*Así contratouse a 3 persoas discapacitadas do municipio para cubrir dous postos de condutores e unha persoas a media xornada para levar o control das viaxes.*

*Este cambio de empresa por parte da concelleira de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade supuxo unha mellora en todos os aspectos:*

- *Aforro económico de case 1500 euros mensuais con respecto á empresa anterior proposta polo anterior equipo de goberno que vostede mesmo levaba*
- *Contratación de 3 persoas con discapacidade do municipio de Cambre*
- *Liberar de traballo á auxiliar administrativa que recepcionaba as chamadas de transporte adaptado*
- *Aforro de traballo da funcionaria encargada do programa de transporte adaptado, xa que a empresa encárgase de coordinar as viaxes directamente*
- *Contratar a un Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro situado no Concello de Cambre*

*Cuarto: Nos casos que é necesario, existe a figura do acompañante. Na actualidade, e como ven sendo dende que se puxo en marcha co anterior equipo de goberno, non existe un acompañante fixo. Está pendente de regular coa contratación a través de concurso público.*

*Quinto: Actualmente existen 43 beneficiarios do servizo de transporte adaptado, e os servizos máis demandados e que se prestan son:*

- *visitas médicas aos centros de saúde*
- *asistencia a centros de día*
- *participación en actividades de lecer, que beneficien a súa integración social no contorno*
- *xestións administrativas*
- *.....*

*Sexto: A data de hoxe non existen queixas nin reclamacións respecto ao xeito e funcionamento regular do transporte adaptado.”*

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, di que algunhas preguntas se contestan e outras non. Pídese a regulamentación, e se non a hai, pregunta que criterios se seguen. Tamén queren ver o contrato cos compromisos adquiridos coa empresa, etc.

Segue dicindo que non cuestionan a contratación, xa sabían que era moi cara, pero a eles chegaronlles reclamacións e queixas respecto da forma de tratar á xente, dicindo a algúns usuarios que *“para iso non necesitas o servizo ...”*. Non se pode dicir polo persoal de Servizos Sociais *“para iso non”*, ao mellor pódese contestar dicindo que *“se pode ir a outra hora, ou noutro momento”*, e tamén queren saber como funciona a figura do acompañante.

Conclúe dicindo que non queren facer unha montaña disto, pero queren que se vaian solucionando as cousas. Estudarán as contratacións e ao mellor terán que pedir un pleno. Lamentan que non estea a concelleira presente.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3208 o día 21 de marzo de 2009, xunto cos rogos e preguntas para as demais comisións informativas.

1ª O pasado 8 de marzo conmemorouse o Día da muller traballadora, diversos foron os actos institucionais por parte dos concellos limítrofes para recoñecer os dereitos das mulleres e denunciar o machismo, discriminación laboral e maltrato que aínda están sufrindo moitas persoas.

- Podería informarnos o grupo de goberno de cales foron os actos que o noso concello organizou para conmemorar esta data e en que consistiron?

Lida a pregunta, don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, manifesta que está de acordo con don Henrique Xabier Iglesias Oviedo. Non hai moito que a concelleira de Servizos Sociais non foi capaz de responder a unha pregunta que fixo o seu grupo, senón que tivo que contestar outro compañeiro, e cre que as preguntadas que se presentan aquí non deben contestarse desta forma pola que chama “concelleira virtual”, e pide que conste en acta a súa decepción coa concelleira, non sabe se é pasotismo, decepción, etc., e di que se a concelleira segue así, que siga, pois dous anos pasan pronto.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, dá lectura a un escrito segundo o cal se publicou na Opinión da Coruña un faldrón conmemorando ese mesmo día coincidindo en domingo, e non houbo a maiores ningún acto debido á falta de recursos humanos para organizalo.

Don Juan Antonio Fernández López contesta que nos concellos limítrofes todos intentaron ser un pouco dignos e fixéronse actos, e en canto a Cambre, sacar un bando no xornal non é suficiente. Considérao lamentable.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e dez minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica  
P.D.

Presidente da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio  
Ambiente, Obras e Servizos

José Venancio Salcines Cristal

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e  
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia